



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Contratación mercantil

|                       |  |        |       |              |
|-----------------------|--|--------|-------|--------------|
| Materia               | Contratación mercantil   |        |       |              |
| Código                | V06G270V01804  |        |       |              |
| Titulación            | Grao en Comercio   |        |       |              |
| Descritores           | Creditos ECTS  | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
|                       | 6  | OP     | 4     | 2c           |
| Lingua de impartición | Galego   |        |       |              |
| Departamento          | Dereito privado  |        |       |              |
| Coordinador/a         | Izquierdo Alonso, Jacobo   |        |       |              |
| Profesorado           | Izquierdo Alonso, Jacobo   |        |       |              |
| Correo-e              | jizqdo@uvigo.es  |        |       |              |
| Web                   | http://faitic.uvigo.es   |        |       |              |
| Descrición xeral      | Estudo dos aspectos xurídicos básicos da actividade do empresario no mercado e dos correspondentes instrumentos utilizados para o seu desenvolvemento: os contratos mercantís. Asimesmo, tamén se analizarán, por unha parte, determinados medios para o desenvolvemento ou execución dos ditos contratos, como os títulos valores, e, por outra, certos bloques normativos que conforman o marco legal condicionante de aqueles, coma os dereitos da propiedade industrial e a regulación da competencia. |        |       |              |

### Competencias de titulación

| Código |  |
|--------|--|
| A9     | CE9. Coñecer as institucións máis relevantes do Dereito da empresa mercantil, adquirindo capacidade para entender e informar sobre os principais aspectos xurídico-empresariais.   |
| A16    | CE16. Coñecer e entender o tratamento xurídico dos tipos máis relevantes dos contratos mercantís, aprendendo a interpretalos e a coñecer os principios básicos da súa redacción e execución a través das distintas modalidades de cumprimento e pago, en especial a través de efectos de comercio e adquirindo competencia para súa extensión e comprensión sobre as consecuencias da súa utilización. |
| B1     | CT1. Habilidades de comunicación oral E escrita, tanto nas linguas oficiais da súa Comunidade como na lingua estranxeira elixida (inglés, francés ou alemán).  |
| B3     | CT3. Capacidade de aprendizaxe, traballo autónomo e planificación e organización do traballo.  |
| B4     | CT4. Capacidade de análise e síntese, e pensamento crítico.  |
| B15    | CT15. Compromiso ético no traballo.  |
| B18    | CT18. Capacidade reflexiva sobre o propio traballo.  |

### Competencias de materia

| Resultados previstos na materia  | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|--|---------------------------------------|
| Coñecer as institucións máis relevantes do Dereito da empresa mercantil, adquirindo capacidade para entender e informar sobre os principais aspectos xurídico-empresariais.  | A9                                    |
| Coñecer e entender o tratamento xurídico dos tipos máis relevantes dos contratos mercantís, aprendendo a interpretalos e a coñecer os principios básicos da súa redacción e execución a través das distintas modalidades de cumprimento e pago, en especial a través de efectos de comercio e adquirindo competencia para súa extensión e comprensión sobre as consecuencias da súa utilización. | A16                                   |
| Habilidades de comunicación oral E escrita, tanto nas linguas oficiais da súa Comunidade como na lingua estranxeira elixida (inglés, francés ou alemán).   | B1                                    |
| Capacidade de aprendizaxe, traballo autónomo e planificación e organización do traballo.   | B3                                    |
| Capacidade de análise e síntese, e pensamento crítico.   | B4                                    |
| Compromiso ético no traballo.  | B15                                   |
| Capacidade reflexiva sobre o propio traballo.  | B18                                   |

### Contidos

| Tema |
|------|
|      |

|  |   |
|--|---|
| Tema 1. INTRODUCCIÓN Á CONTRATACIÓN MERCANTIL.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>1.1. Concepto de obriga en contrato mercantil.</li> <li>1.2. Os contratos sometidos a condicións xerais. Outras formas de contratación.</li> <li>1.3. Os contratos de comercio exterior.</li> </ul>  |
| Tema 2. A COMPRAVENDA MERCANTIL.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>2.1. Concepto e réxime xurídico da compravenda mercantil. As obrigas das partes. A transmisión dos riscos.</li> <li>2.2. Compravendas empresariais especiais.</li> <li>2.3. Contratos afíns a compravenda.</li> </ul>  |
| Tema 3. A CONTRATACIÓN NOS MERCADOS FINANCEIROS.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>3.1. Organización e réxime xurídico da contratación nos mercados financeiros.</li> <li>3.2. A contratación no mercado primario.</li> <li>3.3. A contratación no mercado secundario.</li> </ul>   |
| Tema 4. OS CONTRATOS DE XESTIÓN, DISTRIBUCIÓN, MEDIACIÓN E CUSTODIA.   | <ul style="list-style-type: none"> <li>4.1. O contrato de comisión e o contrato de axencia.</li> <li>4.2. Os contratos de distribución.</li> <li>4.3. Os contratos de mediación ou corretaxe.</li> <li>4.4. O depósito mercantil.</li> </ul>  |
| Tema 5. OS CONTRATOS DE FINANCIAMENTO E GARANTÍA.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>5.1. O préstamo mercantil.</li> <li>5.2. O arrendamiento financeiro.</li> <li>5.3. O contrato de facturación.</li> <li>5.4. A conta corrente mercantil.</li> <li>5.5. O contrato de crédito ao consumo.</li> <li>5.6. A fianza.</li> <li>5.7. A prenda e a hipoteca.</li> <li>5.8. Outras modalidades de garantía.</li> </ul>  |
| Tema 6. OS CONTRATOS BANCARIOS.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>6.1. As entidades de crédito e os contratos bancarios: réxime xurídico.</li> <li>6.2. As contas bancarias.</li> <li>6.3. Operacións activas.</li> <li>6.4. Operacións pasivas.</li> <li>6.5. Operacións neutras ou de xestión.</li> </ul>  |
| Tema 7. O CONTRATO DE TRANSPORTE.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>7.1. A actividade de transporte e o contrato de transporte: réxime xurídico.</li> <li>7.2. O transporte terrestre de mercadorías. <ul style="list-style-type: none"> <li>7.2.1. Réxime xurídico e clases.</li> <li>7.2.2. Elementos persoais do contrato.</li> <li>7.2.3. A carta de porte.</li> <li>7.2.4. As obrigas das partes.</li> <li>7.2.5. A responsabilidade do porteador.</li> </ul> </li> <li>7.3. O transporte terrestre de persoas.</li> <li>7.4. Outros contratos de transporte.</li> </ul>                                    |
| Tema 8. O CONTRATO DE SEGURO.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>8.1. A actividade aseguradora e o contrato de seguro: réxime xurídico.</li> <li>8.2. Elementos do contrato de seguro.</li> <li>8.3. As obrigas das partes.</li> <li>8.4. O seguro contra danos.</li> <li>8.5. Os seguros de persoas.</li> </ul>  |
| Tema 9. INTRODUCCIÓN AOS TÍTULOS VALORES. A LETRA DE CAMBIO (I).   | <ul style="list-style-type: none"> <li>9.1. Os títulos valores: concepto e réxime xurídico.</li> <li>9.2. O dereito incorporado ao título.</li> <li>9.3. Clases de título valores.</li> <li>9.4. A letra de cambio. Concepto e réxime xurídico.</li> <li>9.5. O libramento.</li> <li>9.6. A aceptación.</li> <li>9.7. O protesto.</li> <li>9.8. O endoso.</li> <li>9.9. O aval.</li> </ul>  |
| Tema 10. A LETRA DE CAMBIO (II). O CHEQUE E O PAGARÉ.  | <ul style="list-style-type: none"> <li>10.1. O cumprimento das obrigas cambiarias.</li> <li>10.2. O cheque: concepto e réxime xurídico.</li> <li>10.3. O pagaré: concepto e réxime xurídico.</li> </ul>   |
| Tema 11. A PROTECCIÓN XURÍDICA DAS INVENCIONS, DO DISEÑO INDUSTRIAL, DOS SIGNOS DISTINTIVOS E DO DEREITO DE AUTOR. | <ul style="list-style-type: none"> <li>11.1. Réxime legal das creacións de fondo.</li> <li>11.2. As patentes de invención: concepto, requisitos, dereito á patente, invencións laborais, concesión da patente, efectos da patente, contido do dereito de patente, as licencias.</li> <li>11.3. Os modelos de utilidade.</li> <li>11.4. Réxime legal das creacións de forma: o deseño industrial.</li> <li>11.5. As marcas: concepto, o dereito sobre a marca, clases de marcas, a marca comunitaria.</li> <li>11.6. O nome comercial.</li> <li>11.7. O dereito de autor.</li> </ul> |

**Planificación**

|                          | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|--------------------------|---------------|--------------------|--------------|
| Prácticas de laboratorio | 22            | 30                 | 52           |
| Sesión maxistral         | 27            | 25                 | 52           |
| Probas de resposta curta | 1             | 45                 | 46           |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

|                          | Descrición   |
|--------------------------|--|
| Prácticas de laboratorio | Neste tipo de sesións presenciais, propórase a realización de diversas actividades, fundamentalmente o estudo e análise de casos, siutacións e documentación; resolución de supostos prácticos; e contestación a cuestionarios que tratarán sobre distintos aspectos da materia. |
| Sesión maxistral         | A través das sesións maxistrais, o profesor exporá os aspectos máis relevantes dos distintos temas que integran o programa da materia explicitado no apartado "contidos"   |

**Atención personalizada**

| Metodoloxías             | Descrición   |
|--------------------------|--|
| Sesión maxistral         | Tanto nas sesións maxistrais coma nos horarios de titorización persoal no despacho, o Profesor atenderá as dúbidas e cuestións que se prantexen en relación á materia explicada. Nas prácticas de laboratorio o profesor atenderá de forma individual ou en grupo as cuestións que prantexen os alumnos en relación ás actividades desenvolvidas na mesma. |
| Prácticas de laboratorio | Tanto nas sesións maxistrais coma nos horarios de titorización persoal no despacho, o Profesor atenderá as dúbidas e cuestións que se prantexen en relación á materia explicada. Nas prácticas de laboratorio o profesor atenderá de forma individual ou en grupo as cuestións que prantexen os alumnos en relación ás actividades desenvolvidas na mesma. |

**Avaliación**

|                          | Descrición   | Cualificación |
|--------------------------|--|---------------|
| Prácticas de laboratorio | Nas prácticas de laboratorio presentaránse para a súa contestación por escrito polo alumno e correspondente avaliación polo profesor, cuestionarios e casos prácticos sobre a materia explicada nas sesións maxistrais.<br><br>Tamén propórase para a súa avaliación, a presentación de pequenos traballos ou informes sobre temas previamente indicados polo profesor.<br><br>A puntuación final obtida por toda-las actividades indicadas será a media que corresponda á cualificación de cada un dos ditos traballos. | 50            |
| Probas de resposta curta | O exame final consistiría na presentación de varias preguntas sobre a materia explicada nas sesións maxistrais, que deberán ser respondidas polo alumno de forma acertada e concisa.<br><br>Para que a nota obtida nas Prácticas de laboratorio faga media e sume á cualificación final, é preciso obter nesta proba final unha nota mínima de 1,7 sobre 5 (aproximadamente equivalente a un 3,3 sobre 10).  | 50            |

**Outros comentarios sobre a Avaliación****Bibliografía. Fontes de información**

Sánchez Calero, Fernando, **Principios de Derecho Mercantil**, Última edición,

Bercovitz Rodríguez Cano (director), **Contratos mercantiles.**, Última edición,

Cuesta Rute, J.M., **Contratos mercantiles**, Última edición,

AAVV: Memento Práctico Francis Lefebvre, **Memento Práctico Francis Lefebvre: Contratos mercantiles**, Última edición,

Gimeno-Bayon Cobos, R. e outro, **Derecho cambiario**, Última edición,

O'Callaghan Muñoz, X. e outros, **Propiedad Industrial. Teoría y Práctica**, Última edición,

Robles Martín Laborda, A., **Libre competencia y competencia desleal**, Última edición,  
Aparicio González, M<sup>a</sup>. Luisa, **Código de Comercio y Leyes complementarias**, Última edición,  
<http://www.westlaw.es>, **Base de datos de legislación y jurisprudencia**,

---

---

## **Recomendacións**

---

### **Outros comentarios**

Recoméndase á asistencia das sesións teóricas e prácticas provisto dos textos legais que correspondan.

---